SEMINARIO DE SARGADELOS
CERVO - LUGO - TLFNO. 58 08 11

11 de nadal de 1981

Dr. Don Valentín Paz-Andrade
Vigo

Benquerido Valentín:

Velahivan as fotocopias das fotografias que se fixeron dos dibuxos que sobre menús ten o Dr. Riestra Limeses en Madrid. Vai tamén a iconografía que temos de Castelao en Cuba, que nos tiña enviado Neira Vilas, polo que, come ves, dunha maneira ou de outra Neira vai contribuir a ilustrar o teu libro.

Vai tamén as duas páxinas que Mugarza lle lle adica ao tema Portela Valladares no seu libro, no que ven reproducida a carta que éste lle enviou a Franco. Vai a nota 682 da xustificación de procedencia do texto de Pérez Madrigal. Hai que supoñer que a carta veña reproducida co texto de Madrigal en "Ediciones Españolas" de 1939. O libro non da millor que a fotocopia que che envio. De calquer maneira se ti tes conocimiento de ise outro lerio que lle quixeron argallar á Conseda de Briyes sería ben conocelo pra poñer en dúbida a autenticidade desta carta de Portela. Esto é importante pois o libro que che falei - moi importante- que temos pra compoñer non pode ocultar esto, non pode ignoralo, pois sería como aceptalo definitivamente. Pidote pois o teu pensamento encol disto e todo o que podas aportar -hasta se queres coma unha testemuña tua pra meter no libro- co ten pensamento a este lerio.

Temos a bon recaudo todalas cousas que trouxen o outro día. Descoida que se tratará todo con coidado, especialmente o teu retrato ao carbón que te fixo Castelao no 24 que é unha verdadeira obra maestra.

Manda ese capitulo 30 e ese outro reformado, pra empezar sen perda de tempo. Si é necesario voltamos ao o mar de Vigo a recollerte cousas.

Estupenda a vosa hospitalidade. Mgnifico ese neto. E un monumento de esperanza.

Apertas tensas voso

Isaac